



RESOLUCIÓN REITORAL DO 12 DE XANEIRO DO 2026, POLA QUE SE CONVOCA UN CONCURSO PARA A ESTABILIZACIÓN DO PROFESORADO ASOCIADO

A Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario establece na disposición transitoria sétima que as universidades públicas deberán articular procesos de estabilización das prazas de Profesoras e Profesores Asociadas/os, de acordo coas condicións profesionais e de dedicación docente previstas no artigo 79.b).

O artigo 79.b) establece que a finalidade do contrato será desenvolver tarefas docentes a través das que acheguen os seus coñecementos e experiencia profesionais á universidade, naquelas materias nas que esta experiencia resulte relevante. As citadas tarefas non poderán incluír o desempeño de funcións estruturais de xestión e coordinación. O profesorado asociado poderá desenvolver tarefas docentes ata un máximo de 120 horas lectivas por curso académico.

Coa finalidade de dar cumprimento ao establecido na citada lei orgánica, e tras o preceptivo informe da representación das persoas traballadoras, convócase o proceso de estabilización do profesorado asociado na Universidade da Coruña.

Despois do acordo do Consello de Goberno desta universidade do 16 de decembro e de conformidade coas disposicións establecidas na Lei Orgánica 2/2023 do Sistema Universitario (LOSU) e a normativa interna da Universidade da Coruña (UDC) aprobada en Consello de Goberno do 07/11/2024, convócase o presente concurso público para a contratación de persoal docente e investigador baixo as seguintes bases:

1. Normativa aplicable

O procedemento de selección rexerase por:

- A Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario (LOSU).
- A normativa para a selección de persoal docente e investigador aprobada polo Consello de Goberno da UDC o 07/11/2024.
- Demais disposicións legais vixentes aplicables.

2. Requisitos dos/as aspirantes

Os/as candidatos/as deberán cumprir os seguintes requisitos no último día de prazo de presentación de solicitudes.

2.1 Requisitos xerais

- Ter nacionalidade española ou outra que permita o acceso ao emprego público, de acordo co disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Estar en posesión da titulación esixida.
No caso de títulos obtidos no estranxeiro, credencial que acredite a súa homologación ou certificado de declaración de equivalencia a titulación e nivel académico universitario oficial en España.
De acordo co establecido no artigo 10 apartado c) da LOSU, os títulos de grao expedidos por universidades nos Estados membros da Unión Europea serán equivalentes, para todos os efectos, a aqueles expedidos polas universidades españolas.
- Non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratara de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

- d) Cumprir os requisitos mínimos e máximos de idade legalmente establecidos para o acceso á administración pública.
- e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
- f) Ter abonado as taxas por dereitos de exame dentro do prazo de presentación de solicitudes.

2.2 Requisitos específicos

- a) Estar contratado como profesor/a asociado/a na UDC de maneira ininterrompida desde o día 12 de abril de 2023, data de entrada en vigor da Lei Orgánica 2/2023 de 22 de marzo do Sistema Universitario, ata a data de finalización da presentación de solicitudes da presente convocatoria.
- b) Ser especialista ou profesional de recoñecida competencia que acredite exercer a súa actividade principal fóra do ámbito académico universitario.
- c) Cumprir cos requisitos específicos que se detallan no Anexo II para cada praza convocada.

3. Presentación de solicitudes

3.1 Prazo e forma de presentación

As solicitudes deberán presentarse a través da sede electrónica da UDC: <https://sede.udc.gal/>, na sección de trámites de Xestión Académica, utilizando o modelo oficial adxunto no anexo III xunto co resto da documentación na forma que se indica no anexo I.

O prazo para a presentación de solicitudes será de 10 días hábiles a partir do día seguinte á publicación do anuncio desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG).

3.2 Documentación requirida:

- a) Copia do Documento Nacional de Identidade (DNI) ou equivalente en vigor.
As persoas que se atopen nalgún dos supostos recollidos nos apartados c e d do punto 1 do artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia deberán presentar, ademais, os documentos acreditativos do vínculo de parentesco e, de ser o caso, do feito de vivir a expensas ou estar a cargo dun nacional dun Estado membro da Unión Europea. A acreditación realizarase por medio de certificados expedidos polas autoridades competentes do seu país de orixe, traducidos a algunha das linguas oficiais da UDC.
- b) Copia do anverso e reverso do título académico.
No caso de títulos obtidos no estranxeiro, deberá acompañarse credencial que acredite a súa homologación ou certificado de declaración de equivalencia a titulación e nivel académico universitario oficial en España.
- c) Para acreditar os requisitos específicos, debe presentar a seguinte documentación:
 - Traballos por conta allea: certificado de servizos prestados en administracións e organismos públicos ou certificado actualizado de vida laboral expedido pola Tesourería da Seguridade Social.
 - Traballos por conta propia: certificado actualizado de vida laboral expedido pola Tesourería da Seguridade Social. No suposto de que para a actividade profesional que se exerce non resulte obrigatoria a alta en ningún réxime do sistema da Seguridade Social, deberá presentar certificación da mutualidade correspondente á súa actividade.
- d) O currículo segundo o modelo oficial establecido pola UDC, dispoñible no seguinte enlace: <https://www.udc.es/gl/pdi/impresos/> e a documentación xustificativa dos méritos alegados. No caso de non figurar a nota media calculada sobre 10 nas certificacións académicas, deberá utilizarse o formulario normalizado, dispoñible na páxina web da universidade: <http://www.udc.es/pdi/concursos/declaracion/>.

Non presentar a certificación académica persoal ou non acreditar os méritos alegados, non determinará a exclusión do/a aspirante ao concurso, pero impedirá o seu cómputo e valoración no baremo establecido. Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, non se admitirá ningunha documentación adicional relativa aos méritos.

- e) Xustificante de pago na conta corrente IBAN ES76 0049 5030 1525 1601 1262, titular: Universidade da Coruña, concursos-oposicións; Banco Santander SA, da cantidade de 44,17 euros por cada praza a que se concursa, dentro do prazo de presentación de solicitudes e facendo constar como concepto a referencia do número da praza á que se opta.

En ningún caso o pago suporá a substitución do trámite de presentación da solicitude, en tempo e forma.

Exencións e bonificacións:

Condicións	Exención/bonificación	Documentación a presentar coa solicitude
Discapacidade igual ou superior ao 33%	Exención de pago	Copia da cualificación do grao de discapacidade vixente.
Familia numerosa de categoría especial	Exención de pago	Copia do título de familia numerosa vixente
Familia numerosa de categoría xeral	Bonificación 50%	

A falta de pago dos dereitos de exame no prazo de presentación de solicitudes non é reparable e determinará a exclusión definitiva do concurso, excepto que acredite o pago ou a exención do pago da citada taxa no prazo de corrección correspondente.

Unicamente procederá a devolución dos dereitos de exame ás persoas aspirantes que sexan excluídas por causas non imputables a elas. A tal efecto, a persoa interesada deberá presentar a correspondente solicitude.

4. Admisión de aspirantes

Terminado o prazo de presentación de solicitudes, nos dez días hábiles seguintes, o Servizo de Persoal Docente e Investigador (PDI) publicará no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) a resolución reitoral coa relación provisional de persoas admitidas e excluídas, e se é o caso, as causas de exclusión.

Os aspirantes excluídos, disporán dun prazo de dez días hábiles, a partir do día seguinte ao da publicación da referida relación, para corrixir o defecto que motivou a exclusión ou presentar alegacións contra a eventual omisión na relación, a través do rexistro electrónico da universidade: https://sede.udc.gal/services/telematic_register.

Transcorrido este prazo, o/a reitor/a ditará resolución coa lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas xunto coa composición da comisión de selección, que se publicará no TEO.

5. Procedemento de selección

5.1 Comisións de selección

As comisións estarán compostas por tres membros titulares e seis suplentes. Actuando como presidente/a a persoa que ocupe a dirección do departamento ao que estea adscrita a praza e como secretario/a o membro da comisión de menor categoría e antigüidade. Formará parte da comisión

de selección un membro proposto pola representación dos/as traballadores/as, que actuará con voz e sen voto.

O acto de constitución realizarase nos dez días hábiles seguintes á publicación da relación definitiva de aspirantes. Se por causa xustificada non se pode constituír neste prazo, deberá facelo nos sete días hábiles seguintes. Transcorridos ditos prazos sen que se constituía, o/a reitor/a nomeará unha nova presidencia.

As comisións quedarán validamente constituídas coa presenza de todos os seus membros, incluída a representación do persoal traballador. Se algún dos membros titulares non puidese asistir será substituído polo correspondente suplente, garantindo o principio de composición paritaria entre mulleres e homes, agás que non sexa posible por razóns fundadas e obxectivas debidamente motivadas.

No acto de constitución, a comisión de selección establecerá os criterios de valoración dentro do marco establecido polo baremo da normativa que regula o procedemento de selección.

Para a válida actuación das comisións requírese a presenza de todos os membros.

Con carácter xeral, a comisión actuará no centro ao que estea adscrito o departamento que solicite a praza ou, excepcionalmente, no centro da UDC do que formen parte a maioría dos membros da comisión.

Os acordos das comisións serán motivados e adoptaranse por maioría.

5.2 Desenvolvemento do concurso

Os concursos consistirán na valoración dos méritos e o historial académico, docente, investigador, incluíndo o de transferencia e intercambio do coñecemento e o profesional das persoas aspirantes, aplicando os criterios establecidos previamente pola comisión, no marco do baremo da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador da UDC, aprobada no Consello de Goberno do 07.11.2024.

6. Resolución e reclamacións

6.1 Publicación de resultados

Unha vez realizadas as valoracións, a comisión de selección formulará a súa proposta de provisión, na que figurará a persoa candidata ou candidatas seleccionadas por orde de puntuación. A proposta será publicada no TEO, xunto coas actas de avaliación e o sentido do informe da representación dos traballadores.

Se a comisión considera que ningunha das persoas candidatas reúne os méritos suficientes para desempeñar a praza obxecto do concurso, poderá propoñer a non provisión da praza xustificando as causas que motivan tal proposta. Neste caso, o/a reitor/a decidirá se procede deixar a praza deserta ou iniciar un novo procedemento.

A proposta de provisión deberá publicarse no prazo máximo de 30 días hábiles desde a constitución da comisión. Se por causa xustificada a comisión non puidese resolver no citado prazo, a presidencia da comisión poderá solicitar á vicerreitoría con competencias en profesorado un prazo adicional de quince días hábiles. De non cumprirse os prazos, nomearase unha nova presidencia.

6.2 Prazo de reclamacións

As persoas concursantes poderán presentar reclamacións razoadas nun prazo de 5 días hábiles desde a publicación dos resultados, a través do rexistro electrónico da UDC dirixidas ao Servizo de PDI.

6.3 Resolución do concurso

Unha vez recibido o expediente administrativo do concurso, o/o reitor/para ditará unha resolución motivada e atribuíralle a praza á persoa seleccionada, que figura en primeiro lugar na proposta da comisión.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse demanda perante o xulgado do Social que resulte competente conforme ao establecido nos artigos 6, 10 e 69 da Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social. Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpoñer un recurso de reposición perante este Reitorado, no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE do 2 de outubro de 2015).

7. Formalización do contrato e incorporación

7.1 Formalización

O contrato deberá formalizarse dentro dos 10 días hábiles posteriores á publicación da resolución. A persoa seleccionada dispoñerá dun prazo máximo de 5 días hábiles para presentar a documentación correspondente requirida polo Servizo de PDI.

7.2 Requisitos posteriores

A persoa seleccionada deberá acreditar o coñecemento da lingua galega nun prazo de 2 anos desde a firma do contrato.

8. Protección de datos de carácter persoal

As persoas aspirantes aceptan a política de privacidade da UDC, recollida na páxina web da UDC (https://www.udc.es/gl/pe/politica_privacidade/) e especificada no formulario de solicitude de participación no proceso selectivo.

9. Norma final

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer demanda perante o xulgado do Social que resulte competente conforme ao establecido nos artigos 6, 10 e 69 da Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social. Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpoñer un recurso de reposición perante este Reitorado, no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE do 2 de outubro de 2015)

A Coruña, na data da firma electrónica

P.D. do reitor (R.R do 10.07.2024)

A vicerreitora de Profesorado

María Teresa López Fernández

Anexo I: Guía para a presentación da documentación

1.- SOLICITUDES PRESENTADAS A TRAVÉS DA SEDE ELECTRÓNICA

a) Os ficheiros que conteñan a documentación indicada na base 3 da convocatoria deberán achegarse á solicitude en formato pdf non debendo exceder a capacidade de 5 Mb por arquivo e nomearanse respectivamente:

NIF.pdf (permítese tamén unha imaxe JPEG PNG BMP GIF)

Solicitud.pdf

Curriculo.pdf

Taxa.pdf (permítese tamén unha imaxe JPEG PNG BMP GIF)

Titulacion.pdf (permítese tamén unha imaxe JPEG PNG BMP GIF)

Actividade laboral.pdf (permítese tamén unha imaxe JPEG PNG BMP GIF)

A solicitude e o currículo deberán asinarse de xeito electrónico

b) Os ficheiros que conteñan a documentación xustificativa do currículo (Bloque I ao IV) deberán achegarse en formato PDF, non debendo exceder a capacidade de 5 Mb por bloque, podendo comprimirse de ser necesario en formato ZIP non cifrado e sen contrasinal, e nomearanse da seguinte forma:

BI_Apelidos_nome

BII_Apelidos_nome

BIII_Apelidos_nome

BIV_Apelidos_nome

Outra_documentacion

Os documentos xustificativos do currículo deberán aparecer na mesma orde e coa mesma numeración que se faga constar no mesmo.

No caso de ter presentado máis dunha solicitude electrónica, só se considerará válida a última efectuada.

Anexo II: Detalle das prazas convocadas

REF. NÚM. PRAZA	NÚM. DE PRAZAS	CATEGORÍA	DEDICACIÓN	ÁREA DE COÑECEMENTO	DEPARTAMENTO	CENTRO	DOCENCIA	TITULACIÓN	OBSERVACIÓNS
26/2001	1	Profesor/a Asociado/a	Parcial P04	Microbioloxía	Bioloxía	Facultade de Ciencias	610G02015 Microbioloxía 610G02016 Microbioloxía Aplicada e Control Microbiolóxico 610G02017 Técnicas en Microbioloxía 610G02018 Microbioloxía e Biotecnoloxía Ambiental 610G04024 Microbioloxía e Inmunoloxía	Diplomado/a, Arquitecto/a Técnico/a, Enxeñeiro/a Técnico/a, Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	
26/2002	1	Profesor/a Asociado/a	Parcial P03	Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial	Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información	Facultade de Informática	614G01067 Procesamento de Linguaxes 616G02031 Gráficos por Computador	Diplomado/a, Arquitecto/a Técnico/a, Enxeñeiro/a Técnico/a, Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	
26/2003	1	Profesor/a Asociado/a	Parcial P03	Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial	Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información	Facultade de Informática	4530116 Xestión da Seguridade da Información 4530113 Seguridade en Centros de Datos 614G01025 Xestión de Infraestruturas	Diplomado/a, Arquitecto/a Técnico/a, Enxeñeiro/a Técnico/a, Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	
26/2004	1	Profesor/a Asociado/a	Parcial P04	Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial	Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información	Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol	103419 Visión Artificial na Industria 103420 Introducción á Aprendizaxe Automática 103703 Visión Artificial Introdutorio 103704 Visión Artificial Avanzada 103699 Desenvolvemento de Aplicacións en Robótica: ROS Introdutorio 103697 Python para Enxeñeiros Introdutorio	Enxeñeiro/a Técnico/a en Informática	
26/2005	1	Profesor/a Asociado/a	Parcial P04	Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial	Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información	Facultade de Informática	4052007 Deseño de Sistemas de Información	Diplomado/a, Arquitecto/a Técnico/a, Enxeñeiro/a Técnico/a, Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	
26/2006	1	Profesor/a Asociado/a	Parcial P04	Enxeñaría Telemática	Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información	Facultade de Informática	616G01003 Fundamentos Tecnolóxicos dos Medios Audiovisuais 614G02030 Tecnoloxías de Integración	Diplomado/a, Arquitecto/a Técnico/a, Enxeñeiro/a Técnico/a, Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	
26/2007	1	Profesor/a Asociado/a	Parcial P03	Ciencias e Técnicas da Navegación	Ciencias da Navegación e Enxeñaría Mariña	ETS Náutica e Máquinas	631G01105 Construción Naval 631G01376 BRM & ISM & ISPS 4510201 Hidrostática e Estabilidade 4510202 Xestión Integral da Seguridade e a Protección	Diplomado/a, Arquitecto/a Técnico/a, Enxeñeiro/a Técnico/a, Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	

REF. NÚM. PRAZA	NÚM. DE PRAZAS	CATEGORÍA	DEDICACIÓN	ÁREA DE COÑECEMENTO	DEPARTAMENTO	CENTRO	DOCENCIA	TITULACIÓN	OBSERVACIÓNS
26/2008	1	Profesor/a Asociado/a	Parcial P04	Enfermaría	Ciencias da Saúde	Facultade de Enfermaría e Podoloxía	750G01025 Estadias Clínicas I	Diplomado/a, Arquitecto/a Técnico/a, Enxeñeiro/a Técnico/a, Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	
26/2009	1	Profesor/a Asociado/a T1	Parcial P03	Enfermaría	Ciencias da Saúde	Facultade de Enfermaría e Podoloxía	750G01030 Estadias Clínicas VI 750G01031 Estadias Clínicas VII	Diplomado/a ou graduado/a en Enfermaría	Requisito excluínte: A actividade principal fóra do ámbito académico universitario debe desenvolverse na área sanitaria da Coruña
26/2010	1	Profesor/a Asociado/a T1	Parcial P03	Enfermaría	Ciencias da Saúde	Facultade de Enfermaría e Podoloxía	750G01028 Estadias Clínicas IV	Diplomado/a ou graduado/a en Enfermaría	Requisito excluínte: A actividade principal fóra do ámbito académico universitario debe desenvolverse na área sanitaria da Coruña
26/2011	1	Profesor/a Asociado/a	Parcial P03	Enfermaría (Podoloxía)	Ciencias da Saúde	Facultade de Enfermaría e Podoloxía	750G02134 Practicum I 750G02136 Prácticum III	Diplomado/a ou graduado/a en Podoloxía	
26/2012	3	Profesor/a Asociado/a	Parcial P04	Enfermaría (Podoloxía)	Ciencias da Saúde	Facultade de Enfermaría e Podoloxía	750G02134 Practicum I 750G02135 Prácticum II 750G02136 Prácticum III	Diplomado/a ou graduado/a en Podoloxía	
26/2013	3	Profesor/a Asociado/a T1	Parcial P04	Enfermaría (Terapia Ocupacional)	Ciencias da Saúde	Facultade de Ciencias da Saúde	653G01307 Estadias Prácticas V 653G01404 Estadias Prácticas VII	Diplomado/a, Arquitecto/a Técnico/a, Enxeñeiro/a Técnico/a, Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	Requisito excluínte: A actividade principal fóra do ámbito académico universitario debe desenvolverse na área sanitaria de Ferrol
26/2014	5	Profesor/a Asociado/a T1	Parcial P04	Enfermaría (Terapia Ocupacional)	Ciencias da Saúde	Facultade de Ciencias da Saúde	653G01211 Estadias Prácticas III 653G01404 Estadias Prácticas VII	Diplomado/a, Arquitecto/a Técnico/a, Enxeñeiro/a Técnico/a, Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	Requisito excluínte: A actividade principal fóra do ámbito académico universitario debe desenvolverse na área sanitaria da Coruña
26/2015	4	Profesor/a Asociado/a T1	Parcial P04	Enfermaría (Terapia Ocupacional)	Ciencias da Saúde	Facultade de Ciencias da Saúde	653G01304 Estadias Prácticas IV 653G01404 Estadias Prácticas VII	Diplomado/a, Arquitecto/a Técnico/a, Enxeñeiro/a Técnico/a, Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	Requisito excluínte: A actividade principal fóra do ámbito académico universitario debe desenvolverse na área sanitaria da Coruña

REF. NÚM. PRAZA	NÚM. DE PRAZAS	CATEGORÍA	DEDICACIÓN	ÁREA DE COÑECEMENTO	DEPARTAMENTO	CENTRO	DOCENCIA	TITULACIÓN	OBSERVACIÓNS
26/2016	2	Profesor/a Asociado/a T1	Parcial P03	Enfermaría (Terapia Ocupacional)	Ciencias da Saúde	Facultade de Ciencias da Saúde	653G01304 Estadías Prácticas IV 653G01404 Estadías Prácticas VII	Diplomado/a, Arquitecto/a Técnico/a, Enxeñeiro/a Técnico/a, Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	Requisito excluínse: A actividade principal fóra do ámbito académico universitario debe desenvolverse na área sanitaria da Coruña
26/2017	2	Profesor/a Asociado/a T1	Parcial P04	Enfermaría (Terapia Ocupacional)	Ciencias da Saúde	Facultade de Ciencias da Saúde	653G01210 Estadías Prácticas II 653G01404 Estadías Prácticas VII 653G01407 Estadías Prácticas VIII	Diplomado/a, Arquitecto/a Técnico/a, Enxeñeiro/a Técnico/a, Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	Requisito excluínse: A actividade principal fóra do ámbito académico universitario debe desenvolverse na área sanitaria da Coruña
26/2018	2	Profesor/a Asociado/a T1	Parcial P04	Enfermaría (Terapia Ocupacional)	Ciencias da Saúde	Facultade de Ciencias da Saúde	653G01308 Estadías Prácticas VI 653G01404 Estadías Prácticas VII	Diplomado/a, Arquitecto/a Técnico/a, Enxeñeiro/a Técnico/a, Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	Requisito excluínse: A actividade principal fóra do ámbito académico universitario debe desenvolverse na área sanitaria da Coruña
26/2019	1	Profesor/a Asociado/a T1	Parcial P04	Enfermaría (Terapia Ocupacional)	Ciencias da Saúde	Facultade de Ciencias da Saúde	653G01211 Estadías Prácticas III 653G01404 Estancias Prácticas VII	Diplomado/a, Arquitecto/a Técnico/a, Enxeñeiro/a Técnico/a, Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	
26/2020	1	Profesor/a Asociado/a	Parcial P03	Enfermaría / Dermatoloxía	Ciencias da Saúde	Facultade de Enfermaría e Podoloxía	750G02124 Dermatoloxía 750G02134 Practicum I	Licenciado/a en Medicina, especialidade de Dermatoloxía	
26/2021	1	Profesor/a Asociado/a	Parcial P04	Enfermaría / Medicina	Ciencias da Saúde	Facultade de Enfermaría e Podoloxía	750G01009 Nutrición	Licenciado/a en Medicina, especialidade en Endocrinoloxía e Nutrición	
26/2022	1	Profesor/a Asociado/a T1	Parcial P03	Enfermaría / Traumatoloxía e Ortopedia	Ciencias da Saúde	Facultade de Enfermaría e Podoloxía	750G02135 Prácticum II	Licenciado/a en Medicina, especialidade de Traumatoloxía e Ortopedia	Requisito excluínse: A actividade principal fóra do ámbito académico universitario debe desenvolverse na área sanitaria de Ferrol
26/2023	1	Profesor/a Asociado/a	Parcial P03	Farmacoloxía	Ciencias da Saúde	Facultade de Enfermaría e Podoloxía	750G01011 Farmacoloxía	Licenciado/a ou Graduado/a en Farmacia	
26/2024	1	Profesor/a Asociado/a	Parcial P04	Medicina Preventiva e Saúde Pública	Ciencias da Saúde	Facultade de Fisioterapia	651G01030 Fisioterapia Comunitaria e Saúde Pública 653G01308 Saúde Pública	Licenciado/a ou Graduado/a en Medicina	

REF. NÚM. PRAZA	NÚM. DE PRAZAS	CATEGORÍA	DEDICACIÓN	ÁREA DE COÑECEMENTO	DEPARTAMENTO	CENTRO	DOCENCIA	TITULACIÓN	OBSERVACIÓNS
26/2025	1	Profesor/a Asociado/a	Parcial P04	Construcións Arquitectónicas	Construcións e Estruturas Arquitectónicas, Cívicas e Aeronáuticas	EU Arquitectura Técnica	202484 Construción III 202472 Economía e Organización de Empresas de Edificación 202636 Xestión Inmobiliaria, Taxacións, Valoracións e Arquitectura Legal 202645 Proxecto Fin De Grao	Arquitecto/a Técnico/a ou Enxeñeiro/a de Edificación	
26/2026	1	Profesor/a Asociado/a	Parcial P04	Construcións Arquitectónicas	Construcións e Estruturas Arquitectónicas, Cívicas e Aeronáuticas	ETS Arquitectura	200354 Construción 1 201533 Construción 2 201535 Construción 3	Arquitecto/a	
26/2027	1	Profesor/a Asociado/a	Parcial P04	Construcións Arquitectónicas	Construcións e Estruturas Arquitectónicas, Cívicas e Aeronáuticas	ETS Arquitectura	200365 Construción Aplicada 1 200369 Construción Aplicada 2 102238 Proxecto de Construción 102244 Traballo Fin de Mestrado 102123 Edifícios de Emisións Nulas e Estratexias de Rehabilitación Eficiente	Arquitecto/a	
26/2028	1	Profesor/a Asociado/a	Parcial P04	Construcións Arquitectónicas	Construcións e Estruturas Arquitectónicas, Cívicas e Aeronáuticas	ETS Arquitectura	201533 Construción 2 102244 Traballo Fin de Mestrado	Arquitecto/a	
26/2029	1	Profesor/a Asociado/a	Parcial P04	Construcións Arquitectónicas	Construcións e Estruturas Arquitectónicas, Cívicas e Aeronáuticas	ETS Arquitectura	201558 Arquitectura Legal 102244 Traballo Fin de Mestrado	Arquitecto/a	
26/2030	1	Profesor/a Asociado/a	Parcial P03	Mecánica de Medios Continuos e Teoría de Estruturas	Construcións e Estruturas Arquitectónicas, Cívicas e Aeronáuticas	ETS Arquitectura	201536 Estruturas 2	Arquitecto/a	
26/2031	1	Profesor/a Asociado/a	Parcial P04	Dereito Procesual	Dereito Público	Facultade de Dereito	612G01014 Constitución e Poder Xudicial 612G01028 Dereito Procesual Penal 612G01033 Dereito Procesual Civil	Graduado/a en Dereito	
26/2032	1	Profesor/a Asociado/a	Parcial P04	Dereito do Traballo e Seguridade Social	Dereito Público	Facultade de Ciencias do Traballo	Materias da área	Graduado/a en Dereito	
26/2033	1	Profesor/a Asociado/a	Parcial P04	Didáctica da Expresión Corporal	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación	Facultade de Ciencias da Educación	652G01020 Didáctica da Expresión Corporal 652G02026 Expresión Corporal e Adaptacións Curriculares	Diplomado/a, Arquitecto/a Técnico/a, Enxeñeiro/a Técnico/a, Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	
26/2034	1	Profesor/a Asociado/a	Parcial P03	Didáctica da Expresión Plástica	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación	Facultade de Ciencias da Educación	437B21 Deseño Curricular e Didáctica das APV 437B22 Recursos, Estratexias e Materiais Didácticos 437C06 Practicum 437C07 Traballo Fin de Mestrado	Diplomado/a, Arquitecto/a Técnico/a, Enxeñeiro/a Técnico/a, Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	

REF. NÚM. PRAZA	NÚM. DE PRAZAS	CATEGORÍA	DEDICACIÓN	ÁREA DE COÑECEMENTO	DEPARTAMENTO	CENTRO	DOCENCIA	TITULACIÓN	OBSERVACIÓNS
26/2035	2	Profesor/a Asociado/a	Parcial P03	Economía Aplicada	Economía	Facultade de Economía e Empresa	611G02031 Facenda Pública Española. Sistema Fiscal 650G01021 Réxime Fiscal da Empresa II 611G02040 Facenda Pública. Fiscalidade Empresarial Avanzada 611G01041 Fiscalidade das Operacións Financeiras 650G01011 Réxime Fiscal da Empresa I 650G01027 Réxime Fiscal da Empresa III	Diplomado/a, Arquitecto/a Técnico/a, Enxeñeiro/a Técnico/a, Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	
26/2036	1	Profesor/a Asociado/a	Parcial P04	Comercialización e Investigación de Mercados	Empresa	Facultade de Economía e Empresa	611G02024 Investigación de Mercados	Diplomado/a, Arquitecto/a Técnico/a, Enxeñeiro/a Técnico/a, Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	
26/2037	1	Profesor/a Asociado/a	Parcial P04	Economía Financeira e Contabilidade	Empresa	Facultade de Economía e Empresa	4506006 Contabilidade Sectorial 611G02013 Contabilidade Financeira I 611G02018 Contabilidade Financeira II	Diplomado/a, Arquitecto/a Técnico/a, Enxeñeiro/a Técnico/a, Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	
26/2038	1	Profesor/a Asociado/a	Parcial P04	Economía Financeira e Contabilidade	Empresa	Facultade de Economía e Empresa	4506007 Contabilidade Superior II 650G01030 Contabilidade de Sociedades	Diplomado/a, Arquitecto/a Técnico/a, Enxeñeiro/a Técnico/a, Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	
26/2039	1	Profesor/a Asociado/a	Parcial P03	Economía Financeira e Contabilidade	Empresa	Facultade de Economía e Empresa	614G01009 Administración e Xestión de Organizacións	Diplomado/a, Arquitecto/a Técnico/a, Enxeñeiro/a Técnico/a, Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	
26/2040	1	Profesor/a Asociado/a	Parcial P04	Economía Financeira e Contabilidade	Empresa	Facultade de Economía e Empresa	4506006 Contabilidade Sectorial 4506009 Seminarios de Actualización Contable 4507001 Talleres de Directivos 4507009 Dirección Xeral 650G01013 Contabilidade Financeira I	Diplomado/a, Arquitecto/a Técnico/a, Enxeñeiro/a Técnico/a, Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	

REF. NÚM. PRAZA	NÚM. DE PRAZAS	CATEGORÍA	DEDICACIÓN	ÁREA DE COÑECEMENTO	DEPARTAMENTO	CENTRO	DOCENCIA	TITULACIÓN	OBSERVACIÓNS
26/2041	1	Profesor/a Asociado/a	Parcial P04	Economía Financeira e Contabilidade	Empresa	Facultade de Economía e Empresa	4506008 Tecnoloxías de Comunicación e Sistemas Informáticos para a Contabilidade e a Auditoría 611G02028 Sistemas de Información para a Xestión Financeira da Empresa 611G02041 Deseño de Sistemas de Información 650G01023 Contabilidade de Custos 650G01035 Aplicacións Informáticas para a Empresa	Diplomado/a, Arquitecto/a Técnico/a, Enxeñeiro/a Técnico/a, Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	
26/2042	1	Profesor/a Asociado/a	Parcial P04	Economía Financeira e Contabilidade	Empresa	Facultade de Economía e Empresa	448004 Análise e Xestión de Riscos 448009 Contabilidade de Entidades e Instrumentos Financeiros 448012 Valoración Financeira 611G02022 Contabilidade de Xestión 650G01019 Dirección Financeira I	Diplomado/a, Arquitecto/a Técnico/a, Enxeñeiro/a Técnico/a, Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	
26/2043	1	Profesor/a Asociado/a	Parcial P04	Economía Financeira e Contabilidade	Empresa	Facultade de Economía e Empresa	4506004 Contabilidade Superior I 4506006 Contabilidade Sectorial 4506009 Seminarios de Actualización Contable 611G02027 Contabilidade de Operacións Societarias 650G01017 Contabilidade Financeira II	Diplomado/a, Arquitecto/a Técnico/a, Enxeñeiro/a Técnico/a, Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	
26/2044	1	Profesor/a Asociado/a	Parcial P04	Organización de Empresas	Empresa	Facultade de Economía e Empresa	4497213 Innovación Industrial 4497235 Sistemas Avanzados de Produción 4542024 Simulación e Optimización de Procesos de Fabricación do Buque 771G01030 Ergonomía e Deseño 771G01043 Xestión da Innovación e do Deseño	Diplomado/a, Arquitecto/a Técnico/a, Enxeñeiro/a Técnico/a, Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	
26/2045	1	Profesor/a Asociado/a	Parcial P04	Organización de Empresas	Empresa	Facultade de Economía e Empresa	4524121 Desenvolvemento de Novos Modelos de Negocio no Sector Turístico 4555005 Emprendemento. Creatividade & Deseño 4555008 Historia dos Complementos 471104 Xestión do Tempo do Proxecto	Diplomado/a, Arquitecto/a Técnico/a, Enxeñeiro/a Técnico/a, Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	
26/2046	1	Profesor/a Asociado/a	Parcial P03	Enxeñaría Cartográfica, Xeodésica e Fotogrametría.	Enxeñaría Civil	ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos	632G01005 Debuxo 632G01008 Representación en Enxeñaría Civil 632G01007 Topografía 632G02011 Topografía e Cartografía 632G02003 Debuxo en Enxeñaría Civil I 632G02016 Debuxo en Enxeñaría Civil II	Enxeñeiro/a de Camiños, Canais e Portos	

REF. NÚM. PRAZA	NÚM. DE PRAZAS	CATEGORÍA	DEDICACIÓN	ÁREA DE COÑECEMENTO	DEPARTAMENTO	CENTRO	DOCENCIA	TITULACIÓN	OBSERVACIÓNS
